

# XXV PREMIO DE PUBLICACIÓNS MÉDICO-CIENTÍFICAS

## Homenaxe ó Dr. Manuel Rubén Rodríguez López

O Padroado da Fundación Galenus Auriensis e o Colexo Oficial de Médicos de Ourense, decidiu convocar o XXV PREMIO "PUBLICACIÓN MÉDICO-CIENTÍFICAS"

### BASES

1. Poderá participar calquera médico inscrito no Colexio de Médicos de Ourense.
2. O tema será libre pero deberá ter carácter médico-científico.
3. O premio será de 300 € e diploma.
4. Os traballos terán que ter sido publicados entre o 1 de novembro do ano anterior e o 1 de novembro do ano en curso en que se falla o premio.
5. Os traballos remitiranse, por algúns dos autores, o correo: [colegiomedico@cmourense.org](mailto:colegiomedico@cmourense.org)
6. Non se admitirán traballos que se entreguen con posterioridade ás 12 horas do día 31 de outubro do 2020.
7. O traballo deberá ser presentado nun dos idiomas oficiais da Comunidade Autonómica de Galicia ou en inglés.
8. En caso de que a calidade dalgún traballo o merezca poderá outorgarse unha mención especial premiada con diploma honorífico.
9. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente.
10. Si por motivos justificados algúm dos membros do Tribunal non puidese asistir á reunión do Tribunal deberá remitir o seu voto en sobre pechado ao secretario, que o abrirá no momento no que o Tribunal faga a súa deliberación.
11. As decisións do Tribunal serán inapelables salvo incumprimento das bases. Si algúm traballo fose excluído do trámite das deliberacións, dita circunstancia será notificada ao interesado expresando os motivos que o xustifiquen.
12. O fallo darase a coñecer na última quincena do mes de decembro de 2020. A entrega de premios realizarase en data que se determinará con posterioridade.

A participación supón a aceptación destas bases.

O tribunal estará formado polos seguintes membros:

#### Presidente

O Presidente do Colexio de Médicos de Ourense.

#### Vogais

- O/a Xefe/a Territorial de Sanidade ou o seu equivalente reglamentario.
- O Presidente da Academia Médico-Quirúrxica.
- Os Vicepresidentes designados polo ICOMOU.
- O Decano da Facultade de Medicina.
- Un membro designado do Grupo de Formación Continuada do ICOMOU.
- O Director Médico do CHUO ou o seu equivalente reglamentario.
- O primeiro firmante do traballo gañador na edición anterior do Premio.

#### Secretario

- O Secretario do Colexio de Médicos de Ourense.
- O Secretario limitarase a levantar acta da reunión do Tribunal carendo de voz nas deliberacións e de voto.

### Dr. Manuel Rubén Rodríguez López

**Manuel Rubén Rodríguez López** naceu o 1 de Agosto de 1933 na súa casa de Viascós, o fogar familiar, que da nome a parroquia de Viascós e pertence ao concello de **Carballo (Lugo)**. Allí pasou a súa feliz infancia coa súa nai Sofia, e o seu pai Manuel.

Ser o fillo único do matrimonio, o que probablemente faría que estivera tan unido aos seus pais, non lle impidiu marchar da casa para completar os seus estudos fora de Galicia.

Licencouse en **Medicina e Ciruxia** pola **Universidade de Salamanca** en 1962, para a continuación, nese mesmo ano, realizar un curso de perfeccionamento sanitario na **Escola Nacional de Sanidade**, en Madrid.

No ano 1964, ingresou como médico axudante do **Servicio de Medicina Interna** no **Hospital Provincial de Ourense** durante tres anos, e no ano 1968 acadou o Título Oficial de **Especialista en Medicina Interna**, concedido por orden ministerial o 15 de Abril dese mesmo ano.

En 1969, ingresou como médico adjunto do **Servizo de Medicina Interna do Hospital da Seguridade Social "Nosa Señora Do Cristal"**, onde no ano 1975 foi nomeado Xefe de Sección.

No ano 1976 creouse a unidade de **Oncoloxía Medica no hospital de Ourense**, e posteriormente, no ano 1994 e nomeado Xefe do novo **Servizo de Oncoloxía Médica** do entonces chamado CHOU, onde prestou os seus servizos ata o momento da súa xubilación.

Formou parte dun gran número de Sociedades Científicas, nacionais e internacionais, realizando numerosos estudos e traballos científicos ao longo da súa vida como oncólogo.

No ano 2004 recibiu con enorme satisfacción a **Medalla ao Mérito Sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia**, otorgada polo Conselleiro de Sanidade.

Esta medalla foi un premio moi importante para él e para a súa familia. Foi o recoñecemento a sua gran labor e aportación como Oncólogo.

O Dr. Rubén foi un médico de vocación, amaba profundamente a súa profesión, e dedicou a ela unha moi grande parte da súa vida con toda a súa devoción. Era feliz no seu traballo, axudando a xente nas situaciones tan extremadamente duras que se viven nese Servizo tan especial, aportando tanto aos enfermos como os familiares un trato cercano, cariñoso e comprensivo. Non só se limitaba a curar o cancro, tamén axudaba a sanar as almas dos seus enfermos.

Tiña un enorme cariño e complicidade cos seus compañeiros de servizo "mis chicos", como o cariñosamente os chamaba, e con eles compartía, ademáis do traballo, a súa vida privada e familiar, e por suposto con todo resto do persoal que traballaba no Servizo, do que só falaba maravillas. Para él eran os mellores compañeiros que se podía ter, e sentíase moi orgulloso de todos eles.

Era un home tranquilo, sempre educado e amabel, e de gran corazón, moi querido e admirado por todos os seus compañeiros de traballo e sobre todo, polos seus pacientes. Casado con Lolita Fernandez Anguiano, que o acompañou ao longo de toda a súa vida, tuvo tres fillos: Rubén, Lola e Ana, e 5 netas: Sofía, Miguel, Laura, Sancho e Rubén. Para a súa familia él é o exemplo a seguir.

É unha persoa admirada e respetada por todos os que o coñeceron; como fillo, como esposo, como pai, como avó, como amigo, e como médico. Esa era a súa vida, a súa familia, a súa profesión, e os seus amigos. Non podemos máis que dar grazas por ter a sorte de telo na nosa vida.

Falecél o 20 de Novembro de 2019 na súa segunda casa, o Servizo de Oncoloxía do CHUO, despois dunha longa e dura enfermedade que pasou no seu domicilio coidado e atendido en todo momento pola súa esposa con todo o agarimo e o amor que él se merecía, o mesmo que él lle daba aos seus pacientes, e por suposto, tamén polos seus fillos e netos, sempre apoiando e colaborando nos seus coidados. A súa perda deixou ao seu redor un inmenso vacío cheo de boas vivencias e recordos. Deixounos unha persoa excepcional, a que votaremos de menos o resto da nosa vida, e que sempre estará na nosa memoria e no noso corazón.



ilustre  
colexio oficial de médicos  
de ourense



Fundación  
Galenus Auriensis

### COLABORA:

